



D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 24 de outubro de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

4.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA “RED ESPAÑOLA DE CIUDADES POR EL CLIMA” EXPTE. 664/1102.

Dáse conta da proposta de data 22/10/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo Excmo. Alcalde que di o seguinte:

Mediante acordo plenario de data 27/07/2006, o Concello de Vigo acordou a súa adhesión á “Red Española de Ciudades por el Clima” de la FEMP, coa finalidade, entre outras de compartir modelos de desenvolvemento sostible con outras cidades españolas.

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello polo que, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **proposta:**

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado na “Red Española de Ciudades por el Clima” da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) pola concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, D^a Nuria Rodríguez Rodríguez, como representante política e polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, D. Secundino Otero Faílde, como responsable técnico.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á concelleira designada, á “Red Española de Ciudades por el Clima” da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), ao xefe do Servizo de Medio Ambiente e demais persoas ou servizos implicados.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Publíquese así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo; de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1985, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/03/2020 11:10	Páxina 1 de 2
Expediente 664/1102	CSV: 27ECEE-34BFA2-C549D4-5SM68E-NJB5DW-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/03/2020 11:10

Páxina 2 de 2

Expediente 664/1102

CSV: 27ECEE-34BFA2-C549D4-5SM68E-NJB5DW-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>